



INFORMACIÓN PARA O ALUMNADO

DEPARTAMENTO: LINGUA GALEGA E LITERATURA

MATERIA LOMLOE: ORATORIA

CURSO NO QUE SE IMPARTE: 4ºESO

➤ **Breve descripción da materia en canto aos contidos:**



Os contidos da materia distribúense en catro bloques nos que se advirte a clásica división da oratoria: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio.

O primeiro bloque, “O discurso persuasivo” ofrece un achegamento a mostras representativas de discurso breves ou fragmentos de índole persuasiva, para que o alumnado exercite a comprensión lectora e a escoita comprensiva e valore os procedementos construtivos e elocutivos de discursos persuasivos variados; estes exemplos poden ser modelo para que o alumnado elabore as súas producións.

No segundo bloque, “Elaboración do discurso persuasivo”, son importantes as destrezas de procura e tratamento da información, de comprensión lectora e de expresión escrita. Un coñecemento do tema, una estrutura clara e ordenada do discurso e un manexo axeitado da lingua e a retórica son necesarios nun discurso oral eficaz.

No terceiro bloque, “A presentación do discurso persuasivo” concédese especial importancia aos estándares relacionados coa xestión emocional do/a orador/a. Na aula débese crear un clima de confianza e seguridade que faga evolucionar ao alumnado desde unha posible falta de confianza inicial ata a satisfacción de poder presentar ante un auditorio as propias ideas e opinións. Inclúense neste bloque contidos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio ao discurso, sempre como simples apoios á palabra, o máis importante sempre.

No cuarto bloque, “Oratoria, valores e educación emocional” axuda ao alumnado a aprender a construír os seus discursos desde a honestidade intelectual e a vontade de alcanzar o entendemento entre posturas contrarias. A oratoria contribuirá a desenvolver habilidades persoais e sociais imprescindibles para o diálogo desde o respecto e a convivencia: a autoconfianza, a empatía e a asertividade son elementos emocionais que xeran entendemento entre o/a orador/a e o auditorio.

➤ **Metodoloxía das clases:**

Se en todas as materias, cobra progresiva importancia o traballo oral e práctico, nesta, transversal a case todas as materias do currículo, especialmente. O papel activo do alumnado é imprescindible, tanto no relativo á preparación do traballo, buscando información en diversos soportes (con especial destaque ás TIC), como á exposición na aula, xa que é ese en realidade o obxectivo da materia. Como se dixo ao principio, a transversalidade desta materia fai que estea presente, de xeito “oculto” en moitos momentos do curso, tanto nas aulas, en diferentes materias, como en situacións académicas, ou mesmo informais, fóra da aula. Pode resultar moi enriquecedor ir incorporando progresivamente estas experiencias ao desenvolvemento da materia, preparándoas ou analizándoas a posteriori, para detectar os fallos e os puntos débiles que é conveniente reforzar.

É moi importante que o desenvolvemento das clases sexa dinámico, coa participación de todo o alumnado ao longo do curso, para o cal a creación dun clima de confianza e respecto será tarefa de todos. Alternaranse os momentos de intervencións individuais e grupais, en función do tipo de mensaxes que se estea traballando. O profesorado irá progresivamente cedendo máis protagonismo ao alumnado, procurando que aqueles menos predispostos a intervir se sintan animados a facelo.

Relación desta optativa cos estudos posteriores (estudos universitarios, ciclos superiores de formación profesional...):

A oratoria, definida como arte da palabra foi, desde antigo, moi importante para obter prestixio en calquera situación. Nos currículos de ensino secundario e bacharelato cobra progresiva importancia a oralidade, que é un elemento transversal a todas as áreas e materias. A arte de falar en público combina a expresión verbal e corporal de xeito que, en esencia, se consiga, a través da súa práctica continuada, convencer (persuadir aos que escoitan para tomar una decisión ou levar a cabo determinada acción), ensinar (transmitir coñecementos de todo tipo), emocionar (conmover ao público creando e/ou transmitindo emocións) e agradar (crear beleza e, en consecuencia, transmitir pracer estético).

Empregar a palabra en público é una habilidade cada vez máis necesaria. A participación democrática activa, o desenvolvemento persoal, a consecución dunha carreira exitosa ou o exercicio dunha profesión encontran na oratoria una axuda moi útil: debates, participación en órganos de goberno, defensas de teses ou proxectos de fin de carreira, mesas redondas, discursos de inauguración, relatorios, etc. Necesitamos, pois, aprender a falar en público para participar na sociedade, configurar a nosa traxectoria académica e profesional, fortalecer una imaxe propia positiva ante nós e ante os demais e potenciar a interrelación con interlocutores reais, cada vez máis debilitada na mocidade por un uso excesivo de tempo dedicado á realidade virtual, con móbiles e ordenadores.

Esta materia contribúe a desenvolver destrezas vinculadas coas competencias clave, especialmente con tres: comunicación lingüística, pois mellora as destrezas comunicativas especialmente as orais; as competencias sociais e cívicas, pois a oratoria axuda a participar na vida social e profesional; e a competencia do sentido da iniciativa e emprendedor, pois fomenta a proactividade, o autoconhecimento e a autoestima.

- A oratoria ten unha importancia fundamental para calquera carreira profesional. Ter unha boa habilidade oratoria demostra coñecemento e é unha excelente ferramenta

para crear novas conexións sociais, así como algo indispensable para construír un perfil de liderazgo na sociedade.

- Unha boa oratoria xenera confianza nos oíntes. Tamén implica unha maior repercusión das ideas propias no traballo ou actividade a realizar, grazas a capacidade para transmitir as de forma precisa e entendible, e ademais incrementa a capacidade negociadora dos oradores.

EXEMPLO

